

## **Anúncianse os finalistas do I Premio AGAG de guiión en galego para longametraxe 2019**

*O venres 20 de decembro ás 13h na Fundación SGAE Santiago de Compostela desvelarase o gañador e entregarase o premio, de 2.500€.*

**16 de decembro de 2019.-** A Asociación Sindical Galega de Guionistas (AGAG) organiza, co apoio da Fundación SGAE, o I Premio AGAG de guiión en galego para longametraxe 2019. O premio, que nace cos obxectivos de potenciar a lingua galega no audiovisual, promover aos autores que escriben en galego e axudar a difundir o traballo dos socios de AGAG, é o segundo premio de guiión con maior dotación de España.

**O xurado desta primeira edición** estivo formado José Antonio Cascudo, Sara Gómez, Óscar Cruz e Jacobo Díaz, membros da Xunta Directiva de AGAG. Logo da súa deliberación, atendendo aos criterios de valoración presentes nas bases, o xurado decidiu **designar como finalistas os tres guiións seguintes:**

*Detrás da luz*, que unha vez aberta a plica, resultou ser obra de **Rubén Coca**

*Valdescuro*, que unha vez aberta a plica, resultou ser obra de **Abel Álvarez Rejo**

*O carballo*, que unha vez aberta a plica, resultou ser obra de **Martín Suárez Fernández**.

Estes tres finalistas, anunciados mediante esta nota de prensa o 16 de decembro de 2019 de acordo coas bases establecidas, recibirán unha subscrición gratuíta por 6 meses á plataforma Filmarkethub (mercado online para longametraxes e series en desenvolvemento). **De entre eles, un único gañador será anunciado publicamente xunto co fallo definitivo do xurado o 20 de decembro ás 13h na Fundación SGAE (Santiago de Compostela),** durante o acto de entrega do premio. Trátase dun evento aberto ao público (previa confirmación de asistencia a [info@guionistas.gal](mailto:info@guionistas.gal) antes do 18 de decembro). Ao remate do evento ofrecerase un pequeno aperitivo ás persoas asistentes.

Descargas:

- [CONVITE](#)

- [Imaxe premio](#)

- [Bases completas](#)